



CIRCULAR INFORMATIVA CURSO 2019/20

No comezo do presente curso escolar comunícaselles ás familias o seguinte:

1.- EQUIPO DIRECTIVO

Directora	M ^a Olga Rodríguez Díaz
	Horario de atención ás familias: Luns de 9:50 a 10:40; martes, mércores, xoves e venres de 9:00 a 9:50; venres de 13:10 a 14:00
Xefa de Estudos	Sandra Cao Álvarez
	Horario de atención ás familias: Luns de 10:40 a 11:30; martes de 13:10 a 14:00; mércores e xoves de 09:00 a 09:50; venres de 13:10 a 14:00
Secretaria	M ^a Fátima Romero Olveira
	Horario de atención ás familias: Luns de 10:40 a 11:30; martes de 12:20 a 13:10; mércores de 09:50 a 10:40; xoves de 10:40 a 11:30; venres de 13:10 a 14:00.

2.- ORIENTADORA

Orientadora (Itinerante):	Sheila Rodríguez Trigo
---------------------------	------------------------

3.- PROFESORADO TITOR/A

3.1 – Educación Infantil

4º (3 anos) e 5º (4 anos)	Dora M ^a Pailos Parga
6º (5 anos)	Marta Couto Varela
Apoio	Sandra Cao Álvarez

3.2 – Educación Primaria

1º	Susana Álvarez Mato
2º	M ^a Fátima Romero Olveira
3º	M ^a Teresa Liñares Cerviño
4º	Jessica Mourelle García
5º	Sergio Simarro Martínez
6º	M ^a Rosario Prego Graña

4.- PROFESORADO ESPECIALISTA

Inglés	M ^a Jesús Graña Arcay
Ed. Física	Óscar Pérez Rodríguez
Música	M ^a Rosario Prego Graña
Relixión Católica (Itinerante)	M ^a Carmen Canto Centeno
Pedagogía Terapéutica	Ana Seoane Cives
Pedagogía Terapéutica	Jonathan Guardado Gesto
Audición Linguaxe (Itinerante)	Vanessa Montes Garrido



PERSOAL NON DOCENTE

Conserxe:	Alejandro Rodríguez Varela
Coidadora:	Victoria Inés Deus Muñiz

5.- CALENDARIO ESCOLAR (Orde do 20 de xuño de 2019)

O calendario lectivo para o alumnado abrangue dende o 11 de setembro de 2019 ata o 19 de xuño de 2020, ambos inclusive.

Vacacións de Nadal: dende o día 21 de decembro de 2019 ata o día 7 de xaneiro de 2020, ambos inclusive.

Entroido: días 24, 25 e 26 de febreiro de 2020.

Semana Santa: desde o día 4 ata o 13 de abril de 2020, ambos os dous inclusive.

Día do Ensino: 31 de outubro de 2019.

Días non lectivos solicitados polo centro: 4 de novembro de 2019 e 20 de marzo de 2020.

Antes das vacacións de Nadal, Semana Santa e fin de curso, recibirán vostedes o boletín informativo no que se reflicte o rendemento escolar do/a alumno/a.

Os días 21 de decembro de 2019, 21 de febreiro e 19 de xuño de 2020 non haberá servizo de comedor escolar nin servizo de biblioteca.

6.- INSTRUCIÓNS XERAIS

➤ **ATENCIÓN ÁS FAMILIAS**

As visitas ordinarias dos pais/nais e titores legais do alumnado ao profesorado do centro serán tódolos luns do curso entre as 16:00 e as 17:00 h. nas respectivas aulas. Para evitar esperas innecesarias e acadar unha boa organización convén que soliciten previamente a visita ao titor/a a través do alumnado mediante o protocolo establecido.

As reunións colectivas de comezo do curso para coordinar a acción educativa entre centro e familia realizaranse co seguinte calendario e iranse convocando progresivamente dende as titorías:

	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Día	16/09/18	16/09/18	16/09/18	16/09/18	23/09/18	23/09/18	23/09/18	23/09/18
Hora	15:45	15:45	16:45	16:45	15:45	15:45	16:45	16:45

➤ **ACCESO AO CENTRO**

As familias poderán acompañar aos seus fillos/as ata a cancela de entrada ao patio. Entrarán sós quedando a cargo do profesorado de garda. Os nenos/as de Educación Infantil entrarán pola cancela lateral, evitando ter que atravesar o patio.

Non se permite a entrada de adultos ao patio (Consello Escolar, Xuño 2014), agás no mes de setembro. De ter que facer algunha xestión na secretaría do centro, agardarán a que o alumnado suba ás aulas.

As familias que recollan o alumnado no centro agardarán fóra das instalacións co fin de facilitar a entrega por parte do profesorado.



O horario do centro (*de outubro a maio*) será o seguinte:

Horario de Mañá:

Apertura de cancelas exteriores: 8:30

Profesorado de Garda: 8:40

Entrada ás aulas: 9:00

Horario de Tarde:

Apertura de cancelas exteriores: 16:00

Peche de cancelas exteriores: 18:00

Nos *meses de setembro e xuño*, este horario adiántase 15 minutos por necesidades da Consellería de Educación e o axuste do transporte escolar cos outros centros do Concello.

O alumnado usuario do comedor escolar será recollido pola súa familia, ou persoa debidamente autorizada, na porta esquerda de acceso (entrada de psicomotricidade) co fin de facilitar dita entrega e dotala dunha maior seguridade. As familias poderán autorizar por escrito calquera outra forma de entrega.

Durante a xornada escolar, a porta que estará habilitada para acceso ao centro e efectuar algunha xestión será a cancela lateral (subida ao cemiterio).

A fin de evitar conflitos innecesarios, prégase puntualidade nas entradas e saídas, tendo en conta que dita puntualidade consiste en chegar co tempo xusto: nin antes nin despois. O sinal acústico para a subida ás aulas soa ás 9:00, despois desa hora seguirase o protocolo establecido polas NOFC.

➤ **RETRASOS DO ALUMNADO:**

Cando un alumno/a non suba co resto dos compañeiros/as por non ter chegado a tempo, o mestre/a titor/a anotará o retraso no listado de asistencia mensual. Pasados cinco minutos dende o toque da serea, a conserxe pechará as portas do edificio.

A partir dese intre, o alumno/a retrasado terá **que entrar ao centro acompañado dun adulto que asinará o retraso nun parte** que lle será facilitado en conserxería no momento; dita sinatura poderá acompañarse de documento xustificativo (consulta médica, trámite administrativo...). A acumulación de tres retrasos, no prazo dun mes, sen xustificar será considerado como unha falta leve. A partir dese dato tomaranse medidas tales como reprimenda persoal, falar coas familias, etc; se os retrasos persistisen, o neno/a deberá acudir pola tarde ao centro (esta medida correctora incluírase no *Rexistro de incidencias en espazos comúns*).

No horario lectivo, de 9:00 a 14:00, e co fin de non interromper as clases, prohíbese o acceso de pais e nais, así coma de calquera outra persoa allea ao centro, ás aulas. Se é necesaria unha entrevista urxente co profesorado por parte dos primeiros, deberá solicitarse a autorización correspondente a través do Equipo Directivo do Centro que arbitrará as medidas oportunas. Asemade está prohibido a todo o persoal alleo ao centro o acceso ás plantas superiores en horario de tarde.

Estas normas serán tamén de aplicación ao alumnado de 3 anos unha vez finalizado o período de adaptación.

No presente curso as faltas de puntualidade e/ou asistencia reflexaranse nos boletíns trimestrais de cualificacións.



Se algún escolar precisa saír do centro en horario lectivo deberá facelo sempre acompañado dun adulto debidamente autorizado polos titores legais. Seguirase o procedemento recollido nas NOFC. As familias intentarán que sexa preferiblemente en horario de recreo.

O centro conta cun Departamento de Orientación dirixido por Sheila Rodríguez Trigo. Dende dito departamento faise fincapé nos seguintes aspectos importantes a ter en conta no proceso de ensino - aprendizaxe:

- As familias estimularán e favorecerán o estudo e traballo persoal do alumnado fomentando hábitos de traballo que supoñan unha dedicación temporal diaria segundo a idade e curso.
- É preciso programar axeitadamente o xogo e o tempo libre, procurando que a hora de deitarse sexa a axeitada para un descanso completo e reparador.
- Convén interesarse polo seu traballo diario e seguir o seu proceso de desenvolvemento en estreita colaboración co profesorado tutor.
- Deberase valorar obxectivamente a avaliación emitida sobre o rendemento académico tomando medidas de reforzo ou corrección positivas en colaboración co profesorado tutor.

➤ **CUESTIÓNS DE CONVIVENCIA**

É importante colaborar na organización do centro non permitindo que o alumnado traia á escola útiles non escolares e/ou valiosos que poidan distraer a súa atención ou ser extraviados. Especial coidado deberase pór nos obxectos punzantes ou perigosos que, caso de ser descubertos, serán retidos no Centro ata que un adulto os reclame, ou ata que sexa requirida a familia para facelo.

➤ **BANCO DE LIBROS**

Os escolares de 3º, 4º, 5º e 6º curso de E.P. recibirán textos procedentes da Consellería. Estes libros están catalogados polo centro. Cada familia será encargada de forralos, sen poñerlles ningunha identificación persoal. A final de curso deberán devolvelos ao centro en perfecto estado de conservación, sen outro deterioro que o provocado polo uso responsable. Asemade, deberán identificar os libros que son da súa propiedade e aqueles que son da Consellería. Todos eles deberán ser forrados polas familias. Os adquiridos con fondos da Consellería serán catalogados co procedemento xa descrito. Aqueles que son propiedade das familias poderán ser identificados exteriormente e non terán que ser devoltos ao centro ao final do curso, salvo que a familia queira facer doazón deles ao colexio.

➤ **ANPA**

Axendas escolares

A ANPA encargou á imprenta unhas axendas personalizadas coas que agasallará aos socios. O resto do alumnado non socio poderá mercalas (5€)

Se vostedes están interesados en adquirila, abondará con enviar o importe a través do alumnado.

➤ **LABORATORIOS DE APRENDIZAXE**

Como NOVIDADE este curso todos os alumnos do centro participarán os mércores nas dúas últimas sesións (12:20 a 14:00) en diferentes **Laboratorios de aprendizaxe** que, entre outros obxectivos, garantirán que todo o alumnado ten acceso a todos os recursos cos que contamos.

Nas reunións de tutoría de comezo de curso recibirán vostedes cumprida información do seu contido e organización.

Bo curso! A Dirección